



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO PARA A URBANIZACIÓN DA RÚA GALICIA E A RACIONALIZACIÓN DA REDE VIARIA DE TITULARIDADE DA XUNTA DE GALICIA NO CONCELLO DE SALVATERRA

Salvaterra do Miño, 10 de maio de 2021


REUNIDOS



Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproba o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas.



Doutra parte, Marta Valcárcel Gómez, na súa condición de alcaldesa do Concello de Salvaterra de Miño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro. A Xunta de Galicia ten actuado nos últimos anos para desenvolver e mellorar a rede autonómica de estradas no concello de Salvaterra de Miño e en todos os concello da ribeira galega do Miño, configurando un eixo vertebrador formado polas estradas PO-510 e PO-400, así como as estradas que o conectan con Portugal ao sur e coa A-52 ao norte. A execución destas actuacións de acondicionamento, mellora e novo trazado de estradas ten modificado a mobilidade do Concello de Salvaterra de Miño, de modo que de modo natural a rede de estradas quedou xerarquizada de acordo coa súa capacidade

e funcionalidade, perdendo certos treitos do viario autonómico o seu obxecto de servir de soporte á mobilidade interurbana. Cómpre, polo tanto e de modo coherente con este feito, transferir a titularidade de varios treitos de estradas autonómicas para que pasen a ser competencia municipal, de modo acorde coa súa funcionalidade e cun réxime xurídico de explotación que xa non sexa o da normativa en materia de estradas.

A rúa sobre a que se pretende realizar as obras forma parte do núcleo urbano do Concello de Salvaterra de Miño. Coa apertura do novo tramo proxectado conéctanse as principais rúas do centro do concello e mellorará a súa mobilidade para o conxunto da cidadanía, peóns e vehículos.

Segundo. O centro do núcleo urbano de Salvaterra de Miño vértase a través de varias rúas, varias das cales se correspondían con estradas autonómicas. En concreto con treitos das estradas PO-409 e PO-400 xa transferidos ao concello, e tamén coa PO-432. E é precisamente para completar esta vertebración que o concello promove a apertura dun novo viario no seu núcleo urbano, partindo precisamente da PO-432, de titularidade autonómica.

Terceiro. A Axencia Galega de Infraestruturas ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, a ordenación do territorio e a súa cohesión, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias unha rede eficaz, cómoda e segura, fomentando as relacións municipais e intermunicipais na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Cuarto. A Axencia Galega de Infraestruturas, en colaboración co Concello da Salvaterra de Miño, trata de fomentar aqueles investimentos que resolvan problemas nas infraestruturas, coa finalidade dun desenvolvemento económico e social que aporte unha maior calidade de vida á cidadanía.

As actuacións obxecto deste convenio son complementarias á propia idea básica e intrínseca da estrutura elemental da calzada e da infraestrutura viaria. Esa consideración de complementariedade, xunto coa necesidade dunha actuación en materia de

accesibilidade e seguridade viaria, xustifican a concesión directa dunha subvención ao Concello de Salvaterra de Miño ao abeiro do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas.


Os convenios entre administracións públicas constitúen o elemento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como establecen o artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o artigo 198 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO



O obxecto deste convenio é dobre. Por un lado a urbanización da rúa Galicia no núcleo urbán do concello de Salvaterra de Miño e, por outro, o cambio de titularidade de varios treitos de estradas de titularidade autonómica en favor do concello.


No que se refire á urbanización da rúa Galicia, trátase da urbanización e apertura ao tráfico rodado e ao tránsito peonil dun novo treito viario urbano entre as rúas Curros Enríquez e Castelao, co inicio na estrada de titularidade autonómica PO-432. A súa urbanización implica a adquisición dos terreos a particulares, previa expropiación dos mesmos, o movemento de terras e a demolición de pequenas estruturas situadas na súa traza. A continuación procederáse á instalación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento, alumeado eléctrico e telecomunicacións. Executados ditos servizos procederáse á pavimentación da vía. Aplicarase un firme formado por saburra e dúas capas de mestura bituminosa en quente. Posteriormente delimitarase o viario con bordo

prefabricado de formigón. Instalarase unha rígola prefabricada de formigón para recollida de augas de choiva. As beirarrúas pavimentaranse con lousa hidráulica sobre base de saburra e formigón en masa. Finalmente procederáse a plantar árbores, colocar o mobiliario urbano, bancos e papeleiras, e a sinalizar o viario.

O orzamento de execución desta obra estímase en DOUSCENTOS TRINTA E UN MIL DOUSCENTOS CORENTA E SEIS EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (231.246,50 €) IVE engadido. A este orzamento hai que sumarlle o custo de adquisición dos terreos necesarios mediante o correspondente proceso expropiatorio, que ascende a DOUSCENTOS SESENTA E NOVE MIL CINCUENTA E SETE EUROS (269.057,00 €). En consecuencia, o custo total da actuación, suma do orzamento base de licitación das obras, do IVE correspondente, e do custo das expropiacións, ascende a CINCOCENTOS MIL TRESCENTOS TRES EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (500.303,50 €).



SEGUNDA. REQUISITOS



De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, será requisito para a concesión desta subvención directa que o Concello de Salvaterra de Miño cumprise co deber de remisión ao Consello de Contas da súa conta xeral.

TERCEIRA. COMPROMISOS DO CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

O Concello de Salvaterra de Miño obrígase a:

1. Realizar as expropiacións dos terreos e as actuacións necesarias para a correcta execución das obras (redacción de documento técnico necesario, licitación e execución das mesmas).
2. Asumir as obrigas económicas que excedan do importe consignado na cláusula cuarta.

3. Aceptar a transferencia da titularidade dos treitos urbanos no Concello de Salvaterra de Miño, antes da licitación das obras, das seguintes estradas:

⑩ **PO-420** na súa totalidade. Taboadexa (PO-402) pq 0+000 (Utm etrs89 huso 29: 547.265 / 4.666.652) – Vilacoba pq 1+000 (Utm etrs89 huso 29: 547.038 / 4.667.115).

⑩ **PO-430** na súa totalidade. Leirado (PO-402) pq 0+000 (Utm etrs89 huso 29: 544.704 / 4.664.519) - Leirado (Deput) pq 0+310 (Utm etrs89 huso 29: 544.822 / 4.664.245).

⑩ **PO-432** na súa totalidade. Salvaterra (PO-403) pk 0+000) - Río Miño pq 0+430. Dita estrada ten dous treitos separados pola liña do FFCC:

- Treito 1. Salvaterra (PO-403) pq 0+000 (Utm etrs89 huso 29: 541.337 / 4.659.139) - Liña FFCC Pk 0+280 (Utm etrs89 huso 29: 541.431 / 4.658.878)

- Treito 2. Liña FFCC pq 0+290 (Utm etrs89 huso 29: 541.441 / 4.658.865) - Río Miño pq 0+430 (Utm etrs89 huso 29: 541.522 / 4.658.738).

⑩ **PO-433** na súa totalidade. Cabreira (PO-399) pq 0+000 (Utm etrs89 huso 29: 537.580 / 4.660.590) - Cabreira pq 0+470 (Utm etrs89 huso 29: 537.727 / 4.660.199).

⑩ **Treito antigo da estrada PO-403** co inicio na marxe esquerda da actual PO-403, pq 2+330 (Utm etrs89 huso 29: 541.501 / 4.661.217) e final sen acceso na marxe esquerda da actual PO-403, pq 2+560 (Utm etrs89 huso 29: 541.575 / 4.661.404).

⑩ **Treito antigo da estrada PO-404** con inicio na marxe esquerda da actual PO-404, pq 12+460 (Utm etrs89 huso 29: 539.398 / 4.660.034) e final na marxe dereita da actual PO-510, pq 11+400 (Utm etrs89 huso 29: 539.540 / 4.660.126).

⑩ **Treito antigo da estrada PO-409**. Comprende dous treitos, un discorre pola marxe dereita da PO-510 e outro pola marxe esquerda da PO-510:

- PO-510 marxe dereita dende o inicio (Utm etrs89 huso 29: 539.567 / 4.659.717) ata o final (Utm etrs89 huso 29: 539.538 / 4.659.869).

- PO-510 marxe esquerda, dende o inicio (Utm etrs89 huso 29: 539.763 / 4.659.632) ata o final (Utm etrs89 huso 29: 539.634 / 4.659.711).

- ⑩ **Treito antigo da estrada PO-420** con inicio sen acceso no enlace de Vilacoba pq 287+000 da A-52 (Utm etrs89 huso 29: 546.974 / 4.666.516) e final na actual PO-420 marxe esquerda, pq 0+200 (Utm etrs89 huso 29: 547.094 / 4.666.679).

A tramitación do expediente de cambio de titularidade realizarase consonte ao establecido no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e no Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas de Galicia. A sinatura deste convenio xa supón o acordo entre ámbalas dúas administracións nos termos recollidos anteriormente establecido na antedita normativa en relación á tramitación de expediente de cambio de titularidade.

4. Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
5. Xestionar todos os terreos necesarios, así como a reposición de servizos e servidumes afectados non incluídos no proxecto. Así mesmo, asumirá a realización das xestións pertinentes ante os organismos que corresponda para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias.
6. Consonte o establecido no artigo 27.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o concello asume, na súa condición de beneficiario, a total responsabilidade ante a Axencia Galega de Infraestruturas. Tamén se compromete a establecerlle ao contratista a obriga de colaboración para o exercicio das funcións de control previstas no artigo 45 da citada lei.
7. Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente acordo.
8. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas, se fose o caso, a alteración nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais

para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

9. Comunicar á Axencia Galega de Infraestruturas a data de recepción das obras para os efectos de que esta envíe un representante se así o estima oportuno.
10. O concello deberá dar publicidade das obras mediante un cartel anunciador no que conste expresamente o cofinanciamento da Xunta de Galicia (Consellería de Infraestruturas e Mobilidade –Axencia Galega de Infraestruturas) de acordo coa imaxe corporativa oficial da Xunta de Galicia.

O anterior cartel de obras complementaranse con outro situado ao seu carón coa única mensaxe “Xunta de Galicia”, de acordo co seguinte deseño:



CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS (AXI)

A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, asume o compromiso de financiar os gastos das expropiacións dos terreos necesarios e da execución das obras, destinando para iso ata un máximo de **CINCOCENTOS MIL TRESCENTOS TRES EUROS CON CINCUENTA CÉNTIMOS (500.303,50 €)** con cargo a partida orzamentaria 09.A1.512B.760.0, código de proxecto 1999-06714, dos orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo coa seguinte distribución:

ANO	Importe (€)
2021	269.057,00
2022	231.246,50
TOTAL	500.303,50

QUINTA.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO.


A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Segundo o establecido no artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán realizarse pagamentos a conta, que responderán ao ritmo de execución da acción subvencionada. Estes pagamentos aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada, ata un máximo do 80%.

O Concello de Salvaterra de Miño xustificará a subvención mediante a presentación da seguinte documentación:

1. Certificación da intervención ou do órgano que ten atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade do gasto realizado e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.
2. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace do alcalde, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:
 - o O cumprimento da finalidade da subvención.
 - o Os gastos totais imputables á actuación subvencionada, coa identificación do acredor/a, número de factura, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - o Os documentos acreditativos dos gastos realizados con recursos propios.
 - o Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, coa indicación do importe e a súa procedencia, de ser o caso.

- o Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e de non ter pendente de pagamento débedas coa administración pública da comunidade autónoma de conformidade co establecido nos artigos 10 e 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- o Declaración responsable da obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actuacións subvencionadas.
- o Mostra fotográfica da publicidade da subvención, segundo o establecido na cláusula terceira do convenio.




Serán subvencionables os gastos de execución das obras e das expropiacións realizadas durante o anos 2021 – 2022. En ningún caso serán subvencionables o custo da reposición dos servizos afectados que non estean contemplados no orzamento base de licitación do proxecto nin o da obtención de autorizacións.



A data límite para a xustificación destes gastos é o 15 de decembro de cada ano.

O pagamento realizarase pola parte proporcional da contía da axuda efectivamente xustificada, calculada en función da porcentaxe subvencionada sobre o custo total da actividade.



De conformidade co establecido no artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións as entidades locais galegas, unha vez que se efectúen os libramentos por parte da Axencia Galega de Infraestruturas a favor do Concello de Salvaterra de Miño, este deberá acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de 60 días naturais contados a partir do ingreso na conta bancaria da beneficiaria de cada un dos aboamentos da subvención concedida.

SEXTA.- SEGUIMENTO E CONTROL.

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio constituirase unha comisión de seguimento, coa participación dun representante da Axencia Galega de Infraestruturas e dun representante do Concello de Salvaterra de Miño.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio. En todo caso, a solución das incidencias que poidan xurdir estará condicionada polas limitacións orzamentarias incluídas na cláusula cuarta.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Axencia Galega de Infraestruturas, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



SÉTIMA.- NATUREZA DO CONVENIO.

Este convenio ten natureza administrativa, rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo regulado na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións e demais normas de procedente aplicación.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE.

Esta axuda é compatible coa obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos doutras entidades para a mesma finalidade procedentes de calquera

Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que a contía total das axudas non supere o 100% do importe da actividade subvencionada. No caso de que a subvención concedida supere, illadamente ou en concorrencia con outras, o custo da actividade para a que foi concedida a subvención, descontarase o exceso obtido sobre o citado custo.

NOVENA.- REVOGACIÓN, REINTEGRO E RESOLUCIÓN.

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos artigos 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións. Será causa de reintegro total o incumprimento das obrigas establecidas para o concello nas cláusulas deste convenio.

En todo caso, será causa de extinción deste convenio a inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes. Así mesmo, será causa de extinción a denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes.



DÉCIMA.- PUBLICIDADE.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto). A Axencia Galega de Infraestruturas publicará no Diario Oficial de Galicia e na páxina web oficial o importe da axuda concedida.

Así mesmo, en cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a información requirida será comunicada á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

UNDÉCIMA.- VIXENCIA DO CONVENIO.

Este convenio terá vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022 e financiará os gastos realizados dende a súa sinatura nas condicións establecidas na cláusula quinta.

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A presidenta da Axencia Galega de
Infraestruturas

Ethel M^a Vázquez Mourelle



A alcaldesa do Concello de Salvaterra
de Miño

Marta Valcárcel Gómez

